



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Expte. N° 08/19-P

### CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

**Sesión de:** Pleno

**Convocatoria:** Extraordinaria

**Data da sesión:** 12 de xuño de 2019

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Casa do Concello

### ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores (6/2019-P e 7/2019-P).-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario, Emilio Seijo Frías.-



**NÚMERO 6/19**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE MARZO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelos, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Excusa a súa ausencia a concelleira D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas. Non asiste, sen escusar a súa ausencia, o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 5/2019, de 28 de febreiro.-

**2º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2P/2019.-**

O sr. Alcalde dá conta do expediente nº 2P/2019 de recoñecemento extraxudicial de créditos, ditaminado favorablemente pola Comisión informativa Xeral, polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por gastos executados no exercicio anterior que por diversos motivos non puideron ser imputados ao orzamento do 2018 e expedientes de subvencións nominativas a entidades de interese social, as subvencións para deportistas, entidades deportivas e os premios da XIV Mostra de Teatro, que non foron culminados no dito exercicio.-

Maniféstanse a favor do ditame os voceiros dos grupos BNG, PDSP e PSOE. Polo grupo PP intervén o sr. Anido, que anuncia a abstención do seu grupo. O sr. Alcalde intervén a favor do ditame.-

Sometido a votación o ditame da Comisión, apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete abstencións do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2P/2019 polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 15.242,12.- euros.-

2º.- Aprobar a xustificación presentada pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí da subvención nominativa concedida no exercicio 2018, recoñecendo unha obriga por importe de 3.000.- euros.-

3º.- Aprobar a concesión das subvencións a deportistas do Concello de Sada, segundo proposta da comisión de avaliación e relación anexa, polo importe global de 10.497,23.- euros.-

4º.- Aprobar a concesión das subvencións a entidades deportivas do Concello de Sada, segundo proposta da comisión de avaliación e relación anexa, polo importe global de 63.500.- euros.-

5º.- Aprobar a concesión dos premios para os participantes na XIV Mostra de Teatro por importe global de 2.400.- euros segundo relación que se xunta.-

6º.- Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento da obriga polas asistencias dos concelleiros aos órganos colexiados municipais por importe de 2.790.- euros segundo relación que se xunta.-

**Control de Órganos de Goberno:**

**3º.- Informes e comunicacións.-**

– O sr. Alcalde informa da cifra oficial de poboación a 1-1-2019 do que resulta unha poboación de dereito de 15.837 habitantes, e da evolución da poboación desde 2015.-

– Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 25-2-2019 a 22-3-2019.-

**4º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

**4.1º.- Moción do grupo Sadamaioría sobre declaración BIC do complexo das Cerámicas do Castro e a conservación do museo da arte contemporánea Carlos Maside.-**

O sr. Montouto expón a moción do grupo Sadamaioría sobre declaración BIC do complexo das Cerámicas do Castro e a conservación do museo da arte contemporánea Carlos Maside, xustificando a súa urxencia no feito de que o Pleno solicitou en 2015 á Xunta de Galicia a declaración de BIC do conxunto histórico das Cerámicas do Castro, sen que isto se fixera ata o momento, e o deterioro que está sufrindo dito conxunto.-

Declarada por maioría a urxencia da moción, con catorce votos a favor e dúas abstencións do grupo PSOE, o sr. Montouto procede á súa exposición.-

Pronúncianse a favor da moción os grupos BNG, PDSP e PSOE, explicando a voceira deste último, sra. Bolaño, que o voto do seu grupo en contra da urxencia débese a que non entenden que o grupo do sr. Alcalde teña que empregar esta vía da moción cando pode xestionar este asunto da forma ordinaria.-



Polo grupo PP o sr. Anido di que o seu grupo ten ánimo de consensuar un acordo, pero como non poden estar de acordo con determinadas afirmacións da moción presenta unha emenda á mesma, que procede a expoñer.-

O sr. Montouto di que o texto lido polo sr. Anido non se corresponde co texto da moción exposta por el, con motivo do cal ponse de manifesto que o exemplar de moción entregado aos grupos políticos é diferente do lido polo sr. Montouto e do entregado ao Secretario do Concello, xa que o punto 1º deste último di “1º.- *Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura a que proceda de xeito inmediato coa incoación e tramitación do expediente para a declaración como ben de interese cultural do conxunto das Cerámicas do Castro de conformidade co previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e súa resolución final polo Consello da Xunta*”, mentres que o texto entregado aos grupos municipais di “1º.- *Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura a que remate urxentemente o expediente para a súa inmediata resolución polo Consello da Xunta da declaración como ben de interese cultural do conxunto das Cerámicas do Castro*”.-

O sr. Anido manifesta que constitúe un grave erro que haxa dous documentos distintos co mesmo número de rexistro.-

Debatido o asunto, o sr. Alcalde somete a votación a emenda do grupo PP, quedando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- *Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura a que remate o expediente para a súa inmediata resolución polo Consello da Xunta da declaración como ben de interese cultural do conxunto das Cerámicas do Castro.*-

2º.- *Instar á Xunta de Galicia cantas accións sexan necesarias para conveniar cos propietarios a posta en marcha do Museo Carlos Maside, sen excluír a súa incorporación ao patrimonio público como garantía da súa correcta conservación e disfrute público.*-

**4.2º.- Moción do grupo Sadamaioría para instar ao goberno do Estado a que exerza inmediatamente a vía xudicial para recuperar o Pazo de Meirás.-**

O sr. Montouto xustifica a urxencia da moción do grupo Sadamaioría para instar ao Goberno do Estado a que exerza inmediatamente a vía xudicial para recuperar o Pazo de Meirás a fin de incorporalo ao patrimonio público, dicindo que no ano 2018 houbo unha proposición non de lei do Parlamento de Galicia neste sentido que non foi aínda atendida polo Goberno do Estado.-

Sometida a votación a declaración da urxencia da moción, resulta a mesma desestimada con dez votos en contra, dos grupos PP, PSOE e PDSP, e seis votos a favor, dos grupos Sadamaioría e BNG.-

**5º.- Rogos e preguntas.-**

O Presidente expón que hai dúas preguntas presentadas por escrito para a súa resposta oral no Pleno, unha delas polo grupo municipal do Partido Popular e a outra polo grupo municipal Socialista:

1) A pregunta do PP é relativa á emenda aprobada con respecto da escola unitaria de Carnoedo no punto 5º.2 da sesión plenaria do 31-01-2019; o Presidente aclara que como alcalde deulle traslado ao xefe territorial de educación da solicitude de apertura do período de matrícula cunha declaración institucional unánime asinada por todos os grupos, o que non quere dicir que non vaia cumprir o acordo do Pleno sobre creación dunha comisión para determinar o uso futuro desta escola, visto que a xefatura territorial non atendeu a solicitude de abrir a escola.-

O sr. Anido quere que se debata sobre a pregunta, advertindo o sr. Presidente que isto o prevé o Regulamento orgánico municipal para o caso dos rogos pero non para o caso das preguntas, sen prexuízo do cal vaise debater pero para a próxima vez haberá o asunto de presentarse como rogo para que se debata sobre o mesmo; interveñen neste debate a sra. Bolaño, o sr. Anido e o propio Presidente.-

2) En relación coa pregunta do grupo PSOE relativa á reiteración dunha solicitude de acceso a determinada documentación como os antecedentes do edificio do Náutico ou as alegacións ao PXOM, o sr. Alcalde permite tamén neste caso o debate. A sra. Pardo expón amplamente o contido da pregunta, e seguidamente débatese sobre a información solicitada e subministrada e as datas en que isto se fixo, con intervención do sr. Alcalde, a sra. Pardo e o sr. Montouto.-

O sr. Gómez reitera unha petición súa do pasado Pleno para que se lle dea copia da documentación sobre contratos de obras polo procedemento negociado sen publicidade, que necesita á maior brevidade para poder aportala á Fiscalía por un posible cobro dun 3% de comisións por contratación de obras, e fala dun vídeo no que di que aparece unha persoa aceptando o diñeiro das ditas comisións.-

A sra. Pardo pregunta se se ha contestar algunha das preguntas que efectuaron no último Pleno, facendo un repaso delas. O Presidente dá unha pomenorizada resposta.-

A sra. Bolaño fai dúas preguntas:

1) Pregunta con respecto da oferta de emprego público para o ano 2019, por que non se inclúen todas as prazas ou postos vacantes. O Presidente contesta que se inclúen todas as que permite a lei. Pregunta tamén a sra. Bolaño



por que non se aprobou a oferta de 2017, dicindo o sr. Alcalde que a taxa de reposición de efectivos para ese exercicio era moito menor.-

2) Pregunta polo orzamento municipal, por que non se trouxo aínda o Pleno.-

A sra. Pardo expón tres rogos:

- 1) Roga que se reparen canto antes as fontes do Pedregal e da Lagoa, na parroquia de Mondego.-
- 2) Roga que se atenda o anaco das beiravías que entende que está sen rematar na estrada de Mondego a Fortiñón, o que fai que ao paso por diante do centro social haxa risco de esvarón.-
- 3) Roga que se tomen medidas para que se limpen os contedores de residuos próximos ao cruzamento que vai a Mosteirón, xa que segundo os veciños non se limpan nunca, así como outros que poidan estar nunha situación similar dentro do termo municipal.-

A sra. Bolaño fai dous rogos:

- 1) Insiste nun rogo xa efectuado no Pleno ordinario do mes de febreiro, sobre un poste situado na estrada de Carnoedo, á altura do lugar do Espiñeiro, que leva dous meses derrubado e que pode representar perigo para persoas ou vehículos.-
- 2) Roga que de cara ao verán ou para cando haxa un grande volume de obras, se prevexa a posta a disposición de zonas alternativas para o estacionamento dos vehículos.-

O sr. Anido protesta de que o seu grupo, o maioritario da Corporación, vexa desatendidas as súas reiteradas peticións de asignación dun local, o que o levou a presentar a correspondente queixa ante o Valedor do Pobo. O mesmo concelleiro fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Reitera unha pregunta relativa ao uso do tractor municipal por parte dunha empresa privada, dicindo o sr. Alcalde que lle contestará por escrito.-
- 2) Pregunta sobre uns danos que unha promotora causou a unha veciña e dos que se fixo cargo o concello. O sr. Alcalde di que o concello adoptou as medidas necesarias para evitar riscos e que se está tramitando o expediente para que a promotora se faga cargo das súas responsabilidades.-
- 3) Reitera un rogo efectuado o 28 de febreiro sobre acceso a información de varios expedientes e emisión de diversos informes, respecto do cal a Alcaldía só lles enviou un informe de secretaría sobre unha revisión de oficio. Queixase de que o sr. Alcalde non faga caso dos escritos que se lle envían.-
- 4) Pide que se paguen as indemnizacións por asistencia a sesións, sen pagar desde o mes de agosto.-
- 5) Pregunta onde se botou o escombros sacado das Brañas e se o director da obra coñece este dato.-
- 6) Tras criticar a actuación da Alcaldía sobre a oferta de emprego, pregunta se o sr. Alcalde comunicou á Academia Galega de Seguridade as prazas de policía local incluídas en dita oferta e a situación desta, respondendo o sr. Alcalde de que dita entidade está ao corrente do asunto.-
- 7) Roga que se fagan os trámites legais para paliar as carencias de efectivos da Policía Local.-
- 8) Roga que se lle conteste por escrito a todas as preguntas que leva efectuado.-

A sra. Pose fai tres preguntas:

- 1) Pregunta sobre o que se ten feito ou se pensa facer sobre os requirimentos da Inspección de Traballo resultantes da visita á Biblioteca no mes de agosto do ano 2017 e de febreiro do 2019.-
- 2) Pregunta se saben que se pode perder unha subvención no caso de se executar algo para o que non está concedida, dado que di que hai unha subvención concedida para unha biblioteca infantil e máis para unha sala de lectura pero que o que hai é unha sala de ordenadores.-
- 3) Pregunta, en relación coa subvención mencionada, por que se están a solicitar prórrogas e non están rematadas as obras aínda. O sr. Alcalde di que pode consultar o expediente das obras no servizo de Contratación e informa sobre as restantes cuestións.-

O sr. Tellado expón dúas preguntas:

- 1) Pregunta respecto das obras na rúa da Ponte, na que di que houbo unhas máquinas, instalouse unha caseta de obra e máis se chegou facer un trazado e non houbo mais actividade. O sr. Alcalde di que se lle contestará por escrito.-
- 2) Con relación á reurbanización da rúa das Brañas, di que xa venceu o prazo para a finalización da obra e pregunta se o director da obra xa solicitou a ampliación e en que prazo está previsto que finalicen as ditas obras. O Presidente contesta que hai unha ampliación de dous meses e que a as obras estarán rematadas a principios de maio.-

O sr. López fai unha pregunta e dous rogos:

- 1) Pregunta sobre a situación na que se atopa a obra das curvas do lugar de Seixeda (Osedo), que se aprobara no seu momento por urxencia pola Deputación. O Presidente contesta que está en proceso de licitación, que aínda non está adxudicada.-
- 2) Roga que se inicien os pasos para poder outorgar algún tipo de recoñecemento a Eduardo Rivas e tamén a Mucha Pereiro poñendo os seus nomes nalgún espazo público.-



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

3) Roga que o Alcalde se someta aos acordos do Pleno para que non volva pasar o que di que pasou con respecto da Escola de Carnoedo, xa que entende que o Alcalde suplantou un acordo plenario con plena validez xurídica por un papel calquera. O Presidente lle contesta que se lle trasladou ao xefe territorial de educación simplemente o que é da competencia deste.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e seis minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)

**NÚMERO 7/19**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE ABRIL DE 2019.**



Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e seis minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D. Alberto Manuel García Cotelos, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Excusa a súa ausencia a concelleira D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben. Non asisten, sen escusar a súa ausencia, os concelleiros D. José Emilio Gómez López e D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, a Alcaldía informa dun acordo da Xunta Electoral Central de 22-4-2019, que toma coñecemento da designación de D<sup>a</sup>. María Alejandra Sánchez Souto como representante do Partido Demócrata Sada Popular, polo que en virtude do escrito de 8-3-2019 no que dita persoa e o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares comunicaron a expulsión do grupo municipal do PDSP do concelleiro D. Emilio Gómez López, este ten a consideración de concelleiro non adscrito conforme ao disposto na Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, condición que pasa a ter tamén o sr. Rodríguez Ares ao non prever a Lei a existencia de grupos unipersoais. Acto seguido procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1º.- Contratación dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada.-**

De orde do sr. Alcalde o sr. Secretario explica que a presente proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa Xeral, ten por obxecto dar cumprimento á resolución n<sup>o</sup> 49/2019, de 28 de febreiro, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia que resolveu os recursos especiais en materia de contratación números 39 e 41/2019, anulando o acto de adxudicación por acordo plenario de 10-1-2019 da contratación dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada, e dispoñendo a retroacción do procedemento ate o momento de realización da valoración errónea. Feita pola Mesa de contratación o 11-3-2019 a nova avaliación das proposicións de conformidade coas determinacións da resolución n<sup>o</sup> 49/2019, sométese ao Pleno a nova proposta de adxudicación.-

Debatido o asunto con intervención de D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, a favor do ditame, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, que anuncia o voto a favor do seu grupo á vista do informado polo sr. Secretario sobre o que legalmente procede, e de D. Ernesto Anido Varela que anuncia o voto en contra do seu grupo, sométese a votación o asunto, resultando empate con sete votos a favor, dos grupos Sadamaioría, PSOE e BNG, e sete votos en contra do grupo PP; efectuada unha segunda votación co mesmo resultado, queda aprobado co voto de calidade do sr. Alcalde o seguinte acordo:

1º.- Ter por anulada mediante resolución n<sup>o</sup> 49/2019, de 28 de febreiro, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, a adxudicación do contrato dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada, efectuada a favor de Acciona Servicios Urbanos S.R.L., co CIF B80399660, por acordo plenario de 10-1-2019, acordo que se mantén nos seus restantes extremos, dispoñendo a inmediata devolución a dito licitador da garantía constituída por mor da adxudicación anulada.-

2º.- Aprobar a retroacción do procedemento ata o momento de outorgar as puntuacións referidas ao plan de limpeza das beirarrúas a alta presión previsto como criterio avaliable automaticamente no apartado 15.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, declarando válido o acto de licitación efectuado pola Mesa de Contratación o día 11-3-2019, polo que se levou a cabo a nova avaliación das proposicións en canto ao criterio de adxudicación mencionado, a conseqüente nova clasificación das proposicións e a elevación a este órgano de contratación da nova proposta de adxudicación.-

3º.- Adxudicar o contrato, en harmonía coa proposta da Mesa, á entidade CESP A Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares S.A., co CIF A82741067, por ser autora da mellor oferta por aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, no prezo de un millón novecentos trinta e nove mil sesenta e nove euros e sesenta e dous céntimos (prezo sen IVE: 1.762.790,56.- euros, IVE: 176.279,06.- euros, total: 1.939.069,62.- euros).-

4º.- Dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións 163.22715 e 1722.22715 do Presuposto municipal.-

5º.- Notificar este acordo ao adxudicatario e requirilo para que concurra a formalizar o contrato en documento administrativo na data e hora que estableza a Alcaldía, dentro do prazo fixado no artigo 156.3, parágrafo 2º, do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011.-

6º.- Notificar aos restantes licitadores e publicar esta adxudicación mediante anuncio no Perfil de contratante de conformidade co disposto no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e publicar a formalización do contrato no Perfil de contratante e ademais no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea, conforme ao artigo 154.2, parágrafo 2º, da mesma lei.-



7º.- Remitir ao Consello de Contas, á vista da contía do contrato, a documentación que establece o artigo 29 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no prazo de tres meses seguintes a súa formalización.-

8º.- Dar coñecemento ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia das actuacións realizadas en cumprimento da súa resolución nº 49/2019, de 28 de febreiro.-

**2º.- Solicitude de restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de concesión da Escola Infantil Municipal.-**

O sr. Alcalde dá conta do expediente de solicitude de restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato de concesión da Escola Infantil Municipal instruído a instancia da empresa Cantalarrana Sociedade Cooperativa Galega (F15553712), concesionaria da xestión do servizo, como consecuencia da subida do salario mínimo interprofesional; expediente no que consta informe favorable de Intervención de data 16-4-2019 e o informe-proposta da Secretaría Xeral de data 16-4-2019.-

Debatido o asunto con intervencións de Dª. Isabel Reimundez Suárez, Dª. Raquel Bolaño Fariñas, D. Ernesto Anido Varela e do sr. Alcalde, procédese á votación, quedando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

Estimar a solicitude da entidade Cantalarrana Sociedade Cooperativa Galega (F15553712), concesionaria da xestión do servizo da Escola Infantil Flora Ramos "Florita", de compensación económica que permita afrontar a subida de custos salariais e seguridade social derivada da entrada en vigor do Real Decreto 1462/2018, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019, incrementando a achega municipal á concesión na contía de 1.956,31.- euros mensuais, con efectos desde 1-1-2019 e ata a entrada en vigor do novo contrato de concesión do referido servizo, previa dotación do crédito adecuado e suficiente na correspondente partida presupostaria.-

**3º.- Modificación de crédito 09/2019. Crédito extraordinario 01/2019.-**

O sr. Alcalde informa dos resultados da Liquidación aprobada por decreto de 15 de abril que ofrece como resultado a cifra de remanente mais alta da historia de Sada, que permitirá realizar investimentos financeiramente sostibles.-

O concelleiro delegado sr. Montouto expón a proposta contida no ditame da Comisión Xeral, detallando os investimentos que a compoñen e a súa motivación.-

Sométese o asunto a debate, con intervencións da sra. Reimúndez, da sra. Bolaño que presenta unha emenda consistente en deixar sobre a mesa a actuación sobre o pavillón polideportivo, manter os investimentos relativos á subvención do IDAE, á Escola infantil municipal e á pista de patinaxe, así como engadir o proxecto de praia accesible de Sada e reforma do Currunchos, que xa está redactado; o sr. Interventor fai ver a necesidade de determinar o importe exacto dese proxecto para a viabilidade da emenda, xa que o importe da modificación de crédito pode diminuír pero non crecer, xa que isto precisaría de novos informes; a sra. Bolaño di que o proxecto importa 176.000.- euros; continúa o debate con intervencións dos sres Montouto, Anido e Alcalde. O sr. Anido propón unha emenda consistente en manter os investimentos relativos á subvención do IDAE, á Escola infantil municipal e á pista de patinaxe, e suprimir todos os restantes.-

Tras unha longa discusión do asunto, O sr. Alcalde somete a votación a emenda do grupo PSOE, que é rexeitada con dous votos a favor e doce votos en contra.-

Acto seguido sométese a votación a emenda do grupo PP, que resulta aprobada por nove votos a favor e cinco en contra, quedando en consecuencia adoptado o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 9/2019, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 238.751,74.- euros:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
165.60900	Alumeado público. Infraestrutura	141.909,02
3231.63200	Educación infantil. Edificios	48.784,30
342.63200	Instalacións deportivas. Outras construcións	48.058,42
Total		238.751,74

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	238.751,74

2º.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-



3º.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

**Control de Órganos de Goberno:**

**4º.- Informes e comunicacións.-**

– O sr. Alcalde informa do Decreto da alcaldía nº 673/2019, de data 15 de abril, polo que se aproba a liquidación correspondente ao orzamento 2018, cun remanente líquido de tesouraría para gastos xerais de 4.474.285,21.- euros.-

– Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 26-3-2019 a 17-4-2019.-

**5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

**5.1º.- Moción do grupo PSOE sobre cesión de terreos á Asociación de Veciños de Mosteirón.-**

A sra. Bolaño dá conta da moción do grupo PSOE sobre cesión de terreos á Asociación de Veciños de Mosteirón, xustificando a urxencia da mesma na necesidade de dotar a esta parroquia dun espazo de reunión.-

Declarada por unanimidade a urxencia da moción, a sra. Bolaño procede á súa exposición.-

Ábrese debate, con intervencións do sr. Montouto que propón unha emenda da que da lectura, a sra. Reimúndez, a sra. Bolaño e o sr. Anido, que propón outra emenda.-

Debatido o asunto o sr. Alcalde somete a votación a emenda do grupo PSOE, con resultado de empate por sete votos a favor e sete votos en contra en primeira votación; efectuada unha segunda votación co mesmo resultado, queda adoptado, co voto de calidade da Presidencia, o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía a realizar as xestións oportunas ante a administración dominical titular da parcela catastral 15076A01200281 para a súa cesión gratuíta ao Concello, de conformidade coa lexislación patrimonial das administracións públicas, e para o seu destino ao uso dotacional público e interese social, coa correlativa modificación puntual do planeamento xeral.-

**5.2º.- Moción do grupo Sadamaioría sobre traslado do Centro de Saúde de Sada.-**

O sr. Montouto presenta a moción do grupo Sadamaioría sobre traslado do Centro de Saúde de Sada, para intentar acadar un acordo unánime sobre esta cuestión, que é unha reiterada demanda dos veciños, o que xustifica a súa urxencia.-

Interveñen no debate a sra. Reimúndez, a sra. Bolaño, o sr. Montouto e o sr. Anido, que propón unha emenda da que da lectura.-

Rematado o debate e sometida a votación a emenda do grupo PP, que resulta aprobada por sete votos a favor, tres en contra e catro abstencións, quedando adoptado o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde a que presente ao Pleno os terreos ou edificios actualmente dispoñibles para o traslado do Centro de Saúde de Sada, co obxecto de que este Pleno poida debater a ubicación real mais adecuada e tras isto solicitar da Xunta de Galicia un convenio de colaboración para o traslado.-

**6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Alcalde cédelle o uso da palabra ao concelleiro sr. Suárez, quen se despide da Corporación manifestando o seu agradecemento aos traballadores do Concello, compañeiros, amigos e familia.-

O sr. Alcalde expón que hai dous rogos efectuados polo grupo municipal do Partido Popular de petición de informes que están xa contestados co informe emitido ao efecto polo Secretario, no sentido de que un terzo dos membros da Corporación poden solicitar informes de Secretaría para adopción de acordos, con antelación suficiente á sesión na que os asuntos deban ser tratados. O sr. Anido, voceiro do grupo municipal do PP, di que é respectable aínda que discutible o dito informe do Secretario pero que o seu grupo solicitou o debate deses rogos sobre o hotel e as trampillas. O sr. Alcalde di que o que solicitaron foi o debate sobre os informes, que os rogos xa se contestaron co informe do Secretario e que o que poden é efectuar rogos e preguntas sobre os temas que desexen, pero insiste en que estes rogos están xa contestados.-

A sra. Pardo di que o seu grupo ten catro preguntas e catro rogos:

- 1) Pregunta se han contestar ás preguntas efectuadas en Plenos anteriores que están sen contestar, e en especial as referentes ao espazo para exercer o labor de oposición e á aprobación do orzamento.-
- 2) Pregunta se se fixo algo en relación cos rogos que plantexaron no Pleno pasado, como a reparación das fontes do Pedregal e da Lagoa de Mondego, a limpeza de contedores ou algunha xestión no que atinxe ás beiravías ou ao poste de Carnoedo.-

O Presidente contesta que logo de ver a fonte do Pedregal é bastante complexo o que hai que facer e que sobre do poste de Carnoedo deuse coñecemento á empresa encargada de resolver o asunto.-

A sra. Bolaño efectúa as seguintes preguntas:

- 1) Pregunta por que non se habilitou un sitio para a pegada oficial como si se fixo en todos os concellos da comarca e se iso ten que ver co feito de que Sadamaioría non se presenta ás eleccións xerais, manifestando que hai que garantir a participación en todas as eleccións.-





2) Pregunta cantos orzamentos se solicitaron para contratar a redacción do proxecto básico de reparación da cimentación e dos desperfectos do polideportivo Agra de Samoedo que elaborou SGS. O Presidente contesta que ten o expediente á súa disposición en Deportes.-

A sra. Pardo fai os seguintes rogos con respecto da parroquia de Mosteirón:

1) Roga que por razóns de seguridade se traslade a quen proceda que o camiión da recollida do lixo deixe de mover o contedor que está a carón do colexio, porque entra cada vez máis na estrada, así como que se amañe o pedal que ten avariado.-

2) Roga que se tomen as medidas oportunas para evitar accidentes na ponte de madeira da fonte do Cacharrete, xa que cando hai humidade no ambiente, xeada ou choiva presenta perigo de accidentes por esvaróns.-

3) Roga que se elimine un sentido da circulación na vía que rodea o cemiterio, por mor dos problemas constantes do tráfico na contorna do colexio.-

4) Roga que se esixa a poda da vexetación, ou se execute de maneira subsidiaria, no camiño que vai a Meirás, cuberto de árbores que están a ocasionar, entre outras cousas, que a iluminación pública non faga o seu labor.-

O sr. Anido, logo de manifestar os mellores desexos seus e o do seu grupo para o sr. Suárez, fai dous rogos e unha pregunta:

1) Roga que se lles informe sobre a explotación da concesión do hotel, que afirma que é a concesión máis importante que ten o Concello de Sada, facendo unha ampla exposición ao respecto -incluída unha explicación sobre a Universidade Fernando Pessoa-, e en particular demandando coñecer se o superficiario está a cumprir co prego da concesión do dereito de superficie e se o Concello ten realizado os labores de comprobación necesarios para poder levar a cabo as distintas actividades que di que se están a realizar aí.-

O sr. Montouto contesta ao sr. Anido que se pediu moita documentación ao concesionario, estando todo agora como ten que estar, e facendo unha referencia específica ao plan de viabilidade no municipio da Universidade Fernando Pessoa, detrás da que segundo el non había ningún proxecto serio que se puidese chegar sequera a considerar polo actual goberno; o Presidente indica tamén que ten o expediente á súa disposición para consultalo.-

2) Roga que se lles informe sobre se existen ou non unhas comportas -trampillas- para cortar ou regular o paso das augas, onde están, quen as abre e a influencia que teñen en época de choivas.-

O sr. Alcalde debate co sr. Anido, e contesta que se segue o mesmo protocolo que cando era alcalde o sr. Anido, que hai unhas comportas na rede de saneamento pero non na de pluviais nin de fluviais; que se está a redactar o plan director de saneamento onde veñen reflectidas as comportas; e que foi a Xunta quen fixo o prego de condicións do plan director de saneamento onde veñen os sumidoiros como en toda rede de saneamento.-

3) Pregunta por que non se lles contestou á pregunta sobre a razón pola que un tractor municipal andou a traballar cunha empresa privada e por que transportaba entullo sen xestión de residuos e sen se saber onde o levaba.-

4) Pregunta por que se depositou o entullo que había nas Brañas noutro sitio sen permiso.-

5) Pregunta por que non se lle deu un despacho ao seu grupo municipal para desenvolver as súas actividades; por que se lles denegaron accesos a expedientes e informes; por que se lles deben os 90 euros que cobran por asistencia a órganos colexiados dende o mes de agosto; e por que non se lle pagaron as indemnizacións pola súa defensa xurídica. O Presidente contesta que se lles asignou un despacho, aínda que pequeno; que lle amose aos veciños algunha denegación súa; e que xa se lle pagou unha parte da súa defensa xurídica.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)